



ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO BUQUE AUXILIAR DE ACUICULTURA MEKONG.

1.- No Diario Oficial de Galicia número 39 do xoves 27 de febreiro de 2020 publicouse a cédula do 12 de febreiro de 2020 pola que se anuncia o inicio do procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque auxiliar de acuicultura MEKONG declarado en situación de abandono, que outorgaba un prazo de 20 días contados a partires do día seguinte ao da publicación para presentación de proposicións.

No cumprimento do disposto no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o sábado 14 de marzo de 2020 o prazo para presentar proposicións quedou suspendido.

O Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establece no seu artigo 9 que con efecto dende o 1 de xuño de 2020 o cómputo dos prazos administrativos que houberan sido suspendidos se reanuda ou se reiniciará se así se houbera previsto nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas.

En consecuencia o luns 1 de xuño de 2020 se reanudou o prazo de presentación de proposicións no procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque auxiliar de acuicultura MEKONG.

2.- Dentro do prazo de presentación de proposicións se presenta oferta por parte da empresa PABLO Y SANTIAGO RÍAS BAIXAS, S.C..

Examinada en acto previo e privado a documentación do sobre 1 “DOCUMENTACIÓN XERAL” por parte da mesa da Poxa, se constata que a mesma é correcta, polo que previo anuncio na páxina WEB de Portos de Galicia, o día 29 de xuño de 2020 ás 10:00 horas a Mesa da Poxa procede en acto público a apertura do sobre número 2 “PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, nos termos previstos na cláusula 12 das Bases.

A empresa presenta unha única proposición económica para a terceira poxa, que parte dun prezo base de licitación de TRINTA E SEIS MIL CENTO VINTE E CINCO (36.125) EUROS, ascendendo a oferta a un total de TRINTA E SETE MIL, TRESCENTOS TRINTA E CATRO (37.334) EUROS.

A proposición se formula á alza e se axusta ao modelo que se inclúe como anexo número 5 das Bases, polo que en aplicación do previsto na cláusula 13, a Mesa eleva a esta Presidencia de Portos de Galicia proposta de adxudicación do procedemento para o alleamento do buque MEKONG á empresa PABLO Y SANTIAGO RÍAS BAIXAS, S.C.

Polo Exposto, vista a proposta elevada pola Mesa da Poxa, e en base ás competencias previstas no artigo 79 da Lei 5/2011, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 23. 5 da Lei 6/2017, de Portos de Galicia, delegadas polo Consello Reitor, e de acordo coa condición 13ª do prego de bases do procedemento, RESOLVO:

Primeiro: Adxudicar o procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque auxiliar de acuicultura de nome “MEKONG” á empresa “PABLO Y SANTIAGO RÍAS BAIXAS, S.C..





Segundo: Nos termos establecidos na condición 15 das bases, e con carácter previo a formalizar a resolución de entrega do buque, a empresa adxudicataria deberá de proceder a aboar o prezo da adxudicación nun prazo de 15 días hábiles a contar dende a notificación do presente mediante ingreso en metálico ou transferencia na conta da entidade pública Portos de Galicia número 2080-0394-17-3040004217. Dito importe ascende a unha cantidade de 27.334 euros resultantes de descontar do prezo da adxudicación 10.000 euros depositados como garantía que se imputan ao prezo. Se identificará tanto o pagador como o concepto que será o seguinte: “Alleamento embarcación MEKONG”.

Terceiro: Dentro dese mesmo prazo de 15 días hábiles a empresa adxudicataria deberá de acreditar a través das correspondentes pólizas de seguro, a cobertura suficiente dos eventuais riscos que puideran acontecer tanto por responsabilidade civil como por danos derivados directa ou indirectamente do desenvolvemento das actuacións requiridas no presente prego de condicións nas persoas ou nas instalacións para a retirada do buque e mentres este se mantéña nas instalacións portuarias.

Cuarto: Agás por causas debidamente xustificadas que sexan aceptadas por Portos de Galicia, de non darse cumprimento ao establecido nos anteriores apartados segundo e terceiro se terá ao adxudicatario por desistido da súa oferta o que determinará a perda da garantía constituída.

Santiago de Compostela, a 6 de xullo de 2020.

A PRESIDENTA.

Susana Linguas Gil.

